



LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO, DOCUMENTACIÓN E
ESTUDO DO ESTADO ACTUAL DO CASTRO DE BAROÑA.
PORTO DO SON . A CORUÑA. outubro 2010

Promotor:

Consellería de Cultura e Turismo
Secretaría Xeral para o Turismo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

Arqueólogo:

Ángel Concheiro Coello



arquestudio s.l.
consultor de patrimonio cultural e turismo

Arquitectos:

r v r arquitectos

Alberto Redondo Porto
José Valladares Durán
Marcial Rodríguez Rodríguez

Índice

0. Ficha técnica
1. Antecedentes
2. O concello de Porto do Son: introducción xeográfica
3. Descrición da zona de actuación
4. Traballos arqueolóxicos desenvolvidos no xacemento e publicacións
 - 4.1. Traballos anteriores**
 - 4.1.1. *Escavacións*
 - 4.1.2. *Conservación*
 - 4.2. Publicacións**
 - 4.2.1. *Artigos*
 - 4.2.2. *Libros e monografías*
 - 4.2.3. *Outras publicacións*
5. Desenvolvemento do plano de traballo
 - 5.1. Obxectivos**
 - 5.2. Plano de traballo**
 - 5.3. Metodoloxía**
 - 5.3.1. *Levantamento topográfico*
 - 5.3.2. *Estudo estado de conservación*
 - 5.3.3. *Fotografía aérea*
6. Resultados
 - 6.1. Rexistro arqueolóxico**
 - 6.2. Estado actual**
 - 6.2.1. *Descrición xeral*
 - 6.2.2. *Valoración*
 - 6.3. Usos inadecuados**
 - 6.3.1. *Esculturas efémeras*
 - 6.3.2. *Vodas castrexas, rituais esotéricos e outras actividades*
 - 6.3.3. *Acampada libre*
8. Conclusións
9. Bibliografía citada no texto

0. Ficha técnica

Código: CT102A 2020/278-0

Proxecto: Levantamento topográfico, documentación e estudo do estado actual do Castro de Baroña (Porto do Son, A Coruña)

Promotor: Secretaría Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo

Orzamento: 11.948 euros

Equipo técnico: Ángel Concheiro Coello (arqueólogo); Marcial Rodríguez Rodríguez (rvr arquitectos)

Dirección arqueolóxica e coordinación: Arquestudio S.L.

Cartografía, maquetación e deseño: rvr arquitectos S.L.P.

Topografía: Marcos Cao Sanz

Fotografía aérea: Fotoenglobo S.L.

1. Antecedentes

O proxecto de *Levantamento topográfico, documentación e estudo do estado actual do Castro de Baroña (Porto do Son, A Coruña)*, promovido pola Secretaría Xeral para o Turismo, Consellería de Cultura e Turismo, co obxectivo de coñecer e documentar o estado actual de conservación do xacemento, foi autorizado segundo resolución do Director Xeral do Patrimonio Cultural do 28 de xuño de 2010. Foi clasificado como *actuación preventiva*.

2. O concello de Porto do Son: introducción xeográfica

Porto do Son é un concello característico das comarcas do norte das Rías Baixas. Ten unha poboación que bordea os dez mil habitantes e unha superficie duns 95 km², distribuída en 9 parroquias: Miñortos, Goiáns, Nebra, Noal, Baroña, Queiruga, Caamaño, Xuño e Muro. A capital municipal sitúase na Vila e Porto do Son, pertencente á parroquia de San Estevo de Noal. É un aglomerado urbano nacido a carón dun porto de abrigo. Actualmente moi desfigurado por un crecemento desmesurado, encaixou moi mal a desfeita urbanística que caracterizou a este concello en datas recentes. Ata inicios da década dos 90 tiña un aspecto suxestivo e encantador, polo que aínda resulta máis triste e incomprensible o deterioro do seu magnífico casarío tradicional.

As densidades máis altas de poboación sitúanse na franxa costeira, onde se atopa o outro núcleo urbano do municipio: Portosín. É o porto máis importante do concello e, xunto co de Muros, da ría. A súa flota está especializada na pesca da sardiña polo cerco e estacionalmente se despraza en masa aos portos cantábricos para facer a costeira da anchoa. O pobo foi no seu día moi fermoso,

dominado polas salgaduras catalanas que señoreaban un casarío tipicamente mariñeiro. Para quen o visitase en datas recentes, sobran os comentarios verbo do seu aspecto actual.

A estrutura do hábitat tradicional deste concello era a dun poboamento de *aldeas en nebulosa*, característico das comarcas das Rías Baixas, e que supón unha cantidade moi elevada de pequenos núcleos e lugares acasados unidos por camiños e pequenas estradas. Hoxe en día, a dinámica económica e demográfica, cun modelo de urbanismo orientado ao turismo e á segunda residencia, fixo trocar esta realidade por outra que se achegaría ao que podemos definir como unha pequena *conurbación extensiva de densidade media*. Os dous centros urbanos, Porto do Son e Portosín, son vilas dinámicas, centros de atracción turística e de servizos e portos de importancia rexional.

Dende o punto de vista do relevo, Porto do Son, configúrase como un territorio 100% banbanzán. Como en todos os concellos do seu entorno, aprécianse tres subunidades: as terras baixas da plataforma litoral, que acada o seu máximo desenvolvemento nas parroquias meridionais, os escarpes e sistemas subsidiarios da Serra do Barbanza, e os cumes e penechairs terminais. As cotas máis altas, imponentes, acádanse na parroquia de Goiáns (Iroite)

A costa, un dos elementos que define o espírito deste fermoso concello, caracterízase pola alternancia de seos areosos con breves tramos de rochas e cantís. Novamente dous aspectos caracterizan a este litoral: a presenza de conspicuos promontorios, auténticas atalaias naturais, como a Roda de Cabeiro, Punta da Sagrada, Punta do Castro ou Punta Nadelas, e a existencia dunha superficie de abrasión mariña que deu orixe a unha liña de praias fósiles. A súa contemplación na zona de Queiruga - Caamaño resulta espectacular.

O clima inseríase, tradicionalmente, no dominio oceánico húmido, caracterizado por abondosas precipitacións (+1200 mm.), distribuídas irregularmente ao longo do ano, e unha clara tendencia á aridez estival.

Os solos do concello mostran unha tipoloxía claramente marcada polo contexto xeográfico no que se sitúan. Dominan as terras pardas ou cambisoles, de tres horizontes A-B-C, presentes en tódalas zonas da plataforma litoral, xunto coa presenza dos súelos tipo ranker, con dous horizontes A-C, localizados nas terras altas dos escarpes montañosos, moi pouco desenvolvidos e con escasa profundidade. Non debemos esquecer, por último, a existencia dalgunhas estruturas tipo *campa* en zonas altas de relevo cóncavo (Chans de Raña) e os litosoles, solos desestructurados presentes nos cumes do Barbanza e sistemas subsidiarios.

A vexetación natural, con seguridade un conxunto formado por bosque caducifolio atlántico (*Quercus robur* e *Quercus suber*) asociado a un sotobosque de landa atlántica, formado por mato de tipo *erica* e *calluna*, está na actualidade practicamente desaparecida. A continuada acción do home sobre o territorio, degradou as condicións naturais e deu paso a unha situación na que dominan as especies de repoboación (*Eucalyptus globulus* e *Pinus pinaster*), o monte baixo de toxo (*Ulex europaeus*) e xesteiras (*Sarothamnus scoparius*).

En esencia, o territorio de Porto do Son caracterízase por unha paisaxe fortemente humanizada, dominada por un hábitat denso de pequenas aldeas e casais, separadas por piñeirais e grandes extensións de agras acomaradas. Ao fondo, como a gran escenografía dunha ópera barroca, as cúpulas do Monte Louro recórtanse no océano .

3. Descrición da zona de actuación

O xacemento da Punta do Castro, coas súas 2 Ha. aproximadas de superficie, é un asentamento de dimensións relativamente modestas que non se corresponde coa súa extensión orixinal, xa que existen indicios claros de que foi contundentemente afectado pola erosión mariña. Mostra, a diferenza doutros castros costeiros, unha estrutura complexa, debedora da gran vixencia temporal do poboado, e organizada en diversos recintos sucesivos situados a distinta cota e que se abren visualmente á terra firme.

A parte máis occidental do istmo está ocupada polo primeiro recinto, unha especie de antecastro que estivo defendido por unha sucesión de foxo e potente muralla construída por un baseamento en dobre muro de cachotería con recheo de pedra e area. Foi practicamente arrasado pola erosión, polo que resulta de difícil interpretación, pero non parece haber dúbidas sobre o seu carácter habitacional, como testemuña a presenza de pés de muíños redondos e moita pedra de construción na súa superficie. Debeu de constituír a derradeira ampliación do núcleo habitado, nun intre de gran puxanza do poboado.

Inmediatamente despois atópase o segundo recinto, tamén denominado primeira plataforma (Calo 1987, 1999), separado do anterior e defendido por unha monumental muralla, con tramos en chanzos, que limita a superficie da península propiamente dita. Nela ábrese a entrada principal, en rampla achanzada e defendida por bastións e engrosamento de muros. No seu interior atópanse hoxe 17 estruturas escavadas, de planta circular ou ovalada, das que a maioría débese corresponder con construcións de carácter doméstico, agrupadas entornando a unha pequena cuíña ou eminencia topográfica.

O terceiro recinto está separado do anterior mediante unha complexa sucesión graduada de muros de contención, de orientación L-O. Accédese a el por medio dunhas escaleiras, flanqueadas por machóns, sen dúbida unha das iconas deste xacemento. Os grosos machóns é moi posible que sostivesen unha estrutura de tipo pórtico, co que estaríamos diante dun fenómeno único na arquitectura castrexa. Entre elas e os sistemas defensivos atópanse dous espazos de planta cuadrangular, con vanos de acceso, dificilmente interpretables. Ao outro lado da porta obsérvanse diversas construcións, de planta variable, comunicadas por medio do que semellan ser áreas de paso ou zonas de circulación. Xunto coas anteriores forman un conxunto individualizado, ou “grupo intermedio”, diferenciado do resto do poboado tanto nas características formais das estruturas que o compoñen, como na suposta funcionalidade dalgunha delas, relacionada con actividades artesanais.

O resto de estruturas da segunda plataforma distribúense pola plataforma formando un conxunto abigarrado formado por construcións de planta circular e ovalada. Nalgún lugar obsérvase unha complexa superposición de muros, polo que intuimos que non todo o que se ve pertence á mesma época. Por outra banda, a existencia de tramos dos muros de contención baixo os alicerces das construcións máis meridionais demostra como esta zona sufriu unha grande expansión constructiva que levou á desaparición dos chanzos superiores.



Vista do Castro de Baroña dende o camiño de acceso

Resulta frecuente que as estruturas deste terceiro recinto se asocien en conxuntos de dúas, tres ou catro estancias, aínda que sen chegar á formulación de unidades de habitación ao estilo dos grandes castros meridionais. Iso si, apréciase a existencia de numerosos valados e tramos de muro que deberon ser tapias ou cercas e que crearon complexos deambulatorios e zonas de tránsito. Tamén se observa un grande espazo aberto, a xeito de praza, que debeu cumprir algunha función na ordenación dos espazos colectivos.

O cuarto recinto, que podería formar unha terceira plataforma, sitúase no alto do outeiro que domina o sector anterior. Agás unha gabiá, non se escavou en extensión, pero pódese apreciar que tamén está ocupado de construcións, seguramente de xeito intenso.

En resumo, o Castro de Baroña, no seu momento de esplendor, foi un pequeno *oppidum* situado á beira do mar. A vista dos recintos inundados de vivendas debeu ser impresionante, o mesmo que a

contemplación das fortes murallas e a porta con bastións que, pese a non ter nunca combatido, facían deste poboado prehistórico unha auténtica praza forte.



Á esquerda casa con anexo ou vestíbulo no segundo recinto; á dereita, vista do terceiro recinto dende o punto máis alto da península

O espolio deste xacemento resulta extraordinario, tanto por calidade como por cantidade, como corresponde a un xacemento tan intensamente escavado. Algunha parte foi estudada, pero outra, como o conxunto metálico, permanece maiormente inédito.

4. Traballos arqueolóxicos desenvolvidos no xacemento e publicacións

4.1. Traballos anteriores

4.1.1. Escavacións

Baroña é un xacemento escavado en extensión en etapas distintas ao longo do século XX. A primeira intervención arqueolóxica desenvólvea Sebastián González García Paz en 1933, planeada como unha especie de “medida correctora” dos traballos furtivos do carabineiro Pablo Díaz. González actúa na zona xa descuberta, é dicir, sobre o lenzo Sur da muralla do segundo recinto e as casas máis meridionais.

Débase esperar ata a década dos anos 60, concretamente ata o ano 1969, para que José M^a Lugo Martínez, á sazón director do Museo arqueolóxico provincial da Coruña, volva a retomar a actividade no castro. Luengo leva a cabo varias campañas consecutivas (1969, 1970, 1971), nas que intervén nunha ampla extensión: foxo e muralla do Primeiro recinto; tramo norte da muralla do segundo recinto, espacio interior do segundo recinto axuntado ao paramento da muralla, sistema de acceso ao terceiro recinto e estruturas inmediatas, e varias construcións do terceiro recinto situadas sobre a furna oeste.

Na década dos 80 do pasado século, coa entrada no xacemento do arqueólogo sonense Francisco Calo Lourido, ábrese unha nova etapa. En varias campañas sucesivas desenvoltas entre 1980 e 1985, Calo acomete un traballo de grandes proporcións, limpando, reescavando e consolidando a maioría das construcións descubertas por Luengo e García – Paz. Asemade, intervén en novas zonas, abrindo

áreas segundo reticulados *Wheeler* no segundo recinto (onde tamén escavou a porta e corredor de acceso) e no terceiro recinto. Por último fai unha gabiá de sondaxe no cuarto recinto, ata ese momento a única zona do xacemento que non fora obxecto de escavación algunha.

Por último, nos anos 1994, 1995 e 1996 Ángel Concheiro Coello leva a cabo traballos de limpeza, mantemento e consolidación dalgunhas estruturas dos recintos segundo e terceiro, nos que leva a cabo escavación arqueolóxica puntual (Concheiro 2009).

4.1.2. Conservación

O primeiro en establecer algún tipo de protección foi Luengo, que recrecía os muros escavados con fiadas asentadas a seco. Un sistema moi pouco axeitado, sobre todo tendo en conta as características do castro, que, en realidade, non podemos valorar como traballos estritamente de conservación.

Os proxectos de conservación, propiamente ditos e con metodoloxía contemporánea, desenvólvense en dúas etapas (PLANO 1):

- 1980-1985. Nesta fase Francisco Calo Lourido desenvolve un inxente traballo de recuperación, actuando de xeito contundente sobre un xacemento nun estado de conservación precario. Restaura practicamente todas as construcións exhumadas por González García – Paz e Luengo nos tres recintos inferiores (tanto estruturas defensivas, como domésticas e áreas artesanais), así como as escavadas por el mesmo no terceiro recinto. O sistema empregado por Calo era duro: levantamento de fiadas de seguridade con pedra extraídas dos propios derrubes, trabadas con morteiro de cemento *pórtland*, sen elemento diferenciador. O remate dos muros fixéronse lisos e planos, proporcionando ás ruínas o tan pouco desexado “efecto guillotina”.

- 1994-1996. A década dos anos 90 do pasado século foi a quenda do arqueólogo Ángel Concheiro Coello, que levou a cabo tres campañas consecutivas: 1994 e 1995 coa empresa Arca Arqueoloxía S.L., e 1996 con Prospectiva y Análisis Arqueólogos S.L. Concheiro fixo proxectos mixtos que comprenderon limpeza e acondicionamento dos recintos segundo e terceiro (incluíndo a retirada das cascalleiras e milladoiros deixados polas escavacións de Calo), escavación puntual para definir estruturas e consolidación. Esta fíxose polo sistema empregado sempre no xacemento: levantamento de fiadas de seguridade empregando pedra procedente dos derrubes dispersos polos recintos. O morteiro foi unha mestura de cemento branco, cal hidratado, area e colorante sólido (ocre). Como novidade importante empregouse elemento diferenciador que distingue a estrutura orixinal do recrecido de seguridade. O material escollido foron plaquiñas de xisto dispostas de xeito discontinuo. O remate dos muros incompletos fíxose de xeito escalonado. Os traballos incluíron o deseño a escala 1:20 da planta orixinal das estruturas intervidas. O planeamento, metodoloxía e resultados dos proxectos desta fase recóllense polo miúdo nos informes e memorias depositadas na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Concheiro 1995; Concheiro 2009).



Actuación de Calo Lourido no terceiro recinto (c.1980)



Traballos de conservación en 1996 da estrutura 19, dirixidos por A.Concheiro

Como se deduce do exposto anteriormente, dende a última actuación dirixida por A. Concheiro (agosto de 1996), non se volveron a desenvolver traballos arqueolóxicos no xacemento.

4.2 Publicacións

O Castro de Baroña é un dos xacementos arqueolóxicos máis coñecidos de Galicia. Tamén é moi posible que, excepto o gran asentamento castrexo e galaico – romano do Monte de Santa Trega, sexa o máis coñecido para o gran público.

Deixando ao lado outro tipo de materiais e enfoques, no ámbito científico a súa publicación é irregular, e resposta a un tipo de arqueoloxía xa superada nos seus aspectos teóricos e metodolóxicos.

4.2.1 Artigos

Sebastián González García – Paz: “Noticia de las exploraciones arqueológicas en los castros de Borneiro y Baroña”. Boletín de la Universidad de Santiago, ano V, nº17. T.I, pp.: 229-230. 1933

José María Luengo Martínez: “Excavaciones en el castro céltico de Baroña (La Coruña)”, Noticiario Arqueológico Hispánico, 16, pp: 245-264, 1971

4.2.2. Libros e monografías

Francisco Calo Lourido e Teresa Soeiro: *Castro de Baroña. Campañas 1980/1984*. Arqueoloxía/Memorias, 6. Xunta de Galicia, 1986

Francisco Calo Lourido: *Castro de Baroña*. Concello de Porto do Son, 1997

José María Luengo Martínez: *Excavaciones en el castro de Baroña*. Edición facsimilar. Deputación da Coruña. 1999

4.2.3. Outras publicacións

Xerardo Agrafoxo Pérez: *Prehistoria e Arqueoloxía da terra da Barbanza*. Concello de Noia, 1986

Xulio Carballo Arceo: *Arqueoloxía de Galicia. Itinerarios polo pasado*. Nigratrea, 2006

Francisco Sande Lemos e Faustino Infante Roura (Coordinadores): *Guía de Castros de Galicia e Noroeste de Portugal*. Xunta de Galicia, 2007

No ano 1995 a Xunta de Galicia editou un tríptico informativo con texto do arqueólogo Ángel Concheiro Coello

5. Desenvolvemento do plano de traballo

5.1. Obxectivos

O proxecto tiña como obxectivos a avaliación do estado de conservación actual do xacemento arqueolóxico e o seu rexistro por medio dun levantamento topográfico detallado e fotografía aérea, a baixa e media altura, con tomas oblicuas e cenitais.

Asemade, e como melloras do proxecto establecidas durante a súa execución, leváronse a cabo outros traballos, como foi o establecemento dunha planimetría coas liñas de fluxo e circulación dos visitantes no asentamento.

5.2. Plano de traballo

O traballo desenvolveuse segundo o que reflicte o proxecto autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura e Turismo.

1. Redacción do proxecto
2. Traballo de gabinete: consulta documental, revisión bibliográfica, estudio de fotografía aérea antiga (voos americanos e outras)
3. Traballo de campo, incluíu a toma de datos para o estudo diagnóstico, o levantamento topográfico e os vós precisos para o rexistro fotográfico.
4. Elaboración da memoria final e presentación de resultados.

5.3. Metodoloxía

5.3.1. Levantamento topográfico

Fíxose un levantamento topográfico minucioso dos recintos habitacionais, un traballo moi laborioso por mor das características topográficas da Punta do Castro e a complexidade do rexistro arqueolóxico construído.

Durante cinco días un equipo de dúas persoas tomaron case 8000 puntos por medio dun GPS e dunha estación total (marca Leica), para conseguir un levantamento detallado con curvas de nivel cada 20 cm., reflectindo todas as estruturas arquitectónicas de carácter arqueolóxico, afloramentos, cantís, furnas, areas e actual liña de costa, así como os camiños e servizos existentes no ámbito de actuación.

5.3.2. Estudo estado de conservación

O estudio do estado actual de conservación buscaba coñecer a situación real tanto do xacemento arqueolóxico, como das distintas estruturas que se presentan á vista, así como as patoloxías e axentes de alteración. Para a súa documentación deseñouse unha ficha de campo destinada a recoller o máximo de información e facilitar o seu traslado posterior ao análise diagnóstico. No seu deseño primouse que puidera cumprir dúas funcións: ser cuberta a man no xacemento e presentar posteriormente os datos.

A ficha consta dun encabezado e tres bloques. O encabezado, moi sinxelo, numera as estruturas. É dicir, dálle un nome a cada construción. O primeiro bloque reflicte os seus datos de localización

dentro do asentamento (recinto e coordenadas UTM); no segundo faise unha descrición das súas características (planta, dimensións e comentario dende o punto de vista arqueolóxico); no terceiro descríbese o seu estado actual (traballos de consolidación, valoración do estado de conservación, patoloxías observables a simple vista e axentes de alteración). Dispúxose un espazo para a elaboración dalgún croquis ou información complementaria.

Na Memoria esta ficha vai acompañada de material gráfico: fotografías (xerais da construción e detalles), plano de situación dentro dos recintos e planimetría actual acotada.

5.3.3. Fotografía aérea

Un xacemento destas características precisa un rexistro fotográfico o máis completo posible, dentro do que a fotografía aérea proporciona información e puntos de vista novos e de moito interese. En puridade, neste proxecto máis que fotografía aérea fixemos fotografía en altura.



Á esquerda, traballos de documentación; á dereita, vista do dirixible empregado nos traballos

O sistema, que xa foi empregado por este mesmo equipo en traballos anteriores con excelentes resultados (Castro das Barreiras, Vimianzo), consistiu no voo dun dirixible cautivo, non tripulado, e pilotado dente terra. O aeróstato vai cheo de helio e portou un equipo fotográfico formado por unha cámara dixital de alta resolución modelo Canon G9 Power Shot, manexada e disparada dende as estacións de control establecidas en terra.

Fixéronse varios voos a media e baixa altura, con tomas cenitais e oblicuas dende varios ángulos, tanto do xacemento en si mesmo, como da súa situación na contorna. Para elo establecéronse varias estacións de terra dende as que dirixir o dirixible e facer os varridos fotográficos, dúas delas no propio xacemento (segundo e terceiro recintos), dúas nos camiños de acceso, unha na praia de Arealonga e outra na área de estacionamento inmediata ao bar “O Castro”.

6. Resultados

6.1. Rexistro arqueolóxico

Dende o punto de vista puramente arqueolóxico, o proxecto permitiu a localización de novas estruturas que ata agora pasaran desapercibidas e que veñen aflorando por efecto da erosión e da perda de soporte edáfico da península. Estes restos (estructuras 8, 10, 23, 50 e 51) tiveron unha funcionalidade difícil de precisar arestora, aínda que algunha (23) correspóndese sen dúbida con unha construción doméstica.



Estructura 8, descuberta por efecto da forte erosión sufrida no segundo recinto

Estes achados, en todo caso, reafirman a nosa crenza inicial de que o rexistro de estruturas do castro é complexo, de distintas épocas e que, obviamente, non todas se atopan á vista. Nesa liña, tamén cremos que na reconstrucción do asentamento non se deu a importancia que merecen estes muros de aterramento, delimitación de espazos de circulación e corredores, anexos, pequenos valados, etc. e que son fundamentais para coñecer a estrutura real do asentamento prehistórico. En certo senso, a súa minusvaloración (cando non clara indiferencia) falsea a imaxe real do asentamento prehistórico.

6.2. Estado actual

6.2.1. Descrición xeral

Como se reflicte do anteriormente exposto, Baroña é un xacemento escavado en extensión que foi obxecto de grandes traballos de conservación, malia que a maioría dos proxectos de consolidación teñan unha antigüidade considerable e non se volvese a actuar dende fai xa 14 anos.

Como resultado, a situación actual é a seguinte:

- **Primeiro recinto**

O primeiro recinto ocupa a zona de istmo. Pola súa situación topográfica é o que máis sufriu os efectos da erosión, fundamentalmente mariña, xa que en gran parte atópase situado na zona intermareal. O seu aspecto, aparentemente baleiro de estruturas e semellante a un coído natural, provoca que os visitantes non o perciban como parte do xacemento arqueolóxico. Como consecuencia, o seu comportamento é de indiferencia ante os restos que alí se atopan, considerándoo como unha simple zona de paso e de tránsito incómodo.

Dende o punto de vista arqueolóxico caracterízase pola presenza da forte defensa exterior, un sistema formado por foxo e muralla. Este sistema, escavado por Luengo, corta o istmo de xeito transversal, polo que ten que ser remontado polos visitantes que acceden ao xacemento. Aquí prodúcense os impactos máis negativos: tránsito de visitantes sobre o foxo (onde se chegaron a escavar uns pasais para salvar a escarpa e contraescarpa) e sobre os muros da muralla. Esta estrutura atópase moi disgregada, sobre todo nas súas cabezas (ver FICHA 1)

A zona central do recinto foi contundentemente afectada pola erosión mariña, de xeito que hoxe preséntase cun aspecto baleiro onde alternan un sistema dunar liliputiense e unha cantidade descomunal de cantos rodados procedentes dos coidos que forman as praias do Castro e A Polbeira. Estes cantos, como efecto secundario das “esculturas” espontáneas que cada ano se inzan no lugar, cobren agora practicamente todo o istmo, algo que antes non acontecía, xa que se acumulaban no límite dos espazos intermareais das praias. Co tempo, fomos asistindo a outro fenómeno ben curioso: a formación dun “pasillo” ou corredor de acceso que pasa por entre os cantos (entre as “esculturas” tamén, cando están levantadas nos meses de verán) para chegar á porta en liña recta.

O rexistro arqueolóxico semella conservarse na franxa anexa á muralla no tramo norte. Aquí non houbo escavación e resultaría moi posible atopar restos baixo o derrube exterior da muralla.

A nivel xeral é unha zona inhóspita con aspecto de degradación. Entre os efectos negativos máis impactantes están os restos das dúas zonas de mestura do formigón empregada nas restauracións dirixidas polo Sr. Calo, que non foron retirados despois dos traballos e que permanecen á vista na zona da entrada e na base do tramo norte da muralla.



Á esquerda, disgregación da cabeza sur da muralla; á dereita, planchada de cemento

- **Segundo recinto**

Polo segundo recinto pasaron todos os arqueólogos que traballaron no xacemento (González García-Paz, Luengo Martínez, Calo Lourido e Concheiro Coello), polo que podemos dicir que o impacto das intervencións arqueolóxicas neste espazo é grande, xa que se atopa escavado na súa práctica totalidade. Á vista obsérvanse os restos de 12 construcións domésticas ou artesanais, así como os vestixios doutras parcialmente intervidas (12) ou visibles por efecto da erosión (8, 10, 23). Das estruturas escavadas, excepto as número 5, 12, 21, 22, todas recibiron tratamento de consolidación. As número 7, 14, 16, 17, 18 e 25 foron consolidadas por Calo; Concheiro actuou sobre as número 9, 11 e, posteriormente, sobre as 19 e 20, nas que traballara Calo, pero que, naquel intre (1996), atopábanse en moi mal estado. En xeral, o estado das mesmas, moi sólidas, é bo, coas típicas patoloxías dun xacemento exposto ao aire libre: colonización biolóxica e desprendemento das pedras da fiada superior de seguridade.

Non se pode dicir o mesmo das construcións escavadas e non consolidadas. Algunhas, como as 22 e 23, foron escavadas nos anos 30, pero outras, como a número 5, pertencen a última etapa de Calo. En xeral atópanse en estado crítico, sobre todo no caso da última, nun proceso acelerado de destrución provocado pola falta de mantemento e polas características propias da construción, con muros altos e topográficamente afundida (ver FICHA 5).



Estructura número 5 e actual estado de conservación. Todo o que se exhibe á vista é castrexo.

En realidade, no estado actual do recinto obsérvase unha gran diferenza entre a zona que rodea a cuíña dos afloramentos, relativamente estabilizada e sen problemas graves de conservación, con estruturas sólidas (7, 18, 17, 16) ou consolidadas nas últimas actuacións (9,11, 19, 20), e o sector escavado na última campaña de Calo (1985). Nesta zona as construcións atópanse en moi mal estado (5), ademais de conservar aínda restos dos muros testemuñas e perfíles. Ao estar mesmo na saída do corredor de entrada sofre moito co movemento incontrolado de persoas e a acumulación de lixo (incluídas defecacións) hoxe é algo frecuente. Outros factores que colaboran no mal aspecto e pésimo estado de conservación deste sector son: a vexetación, en forma de arbustos e plantas parasitarias que medran no chan e nos muros, e a erosión, con pequenas torrenteiras que rodean a estrutura 9 e desaugan pola rampla da porta (PLANO 2). Esta, aínda que amose os paramentos do corredor descoidados, atópase ben conservada dende a actuación de A. Concheiro en 1994, que cubriu o nivel arqueolóxico con malla plástica (elemento separador) e posteriormente creou unha nova rampla lisa con cachotes e bolos da praia do Castro. Por último, debemos sinalar que o funcionamento simultáneo da erosión e o desprazamento de visitantes sobre a área de escavación provocou nos últimos tempos o afloramento parcial á superficie de restos arqueolóxico soterrados (estructuras 8 e 10).

- **Terceiro recinto**

Ao terceiro recinto accédese por medio dunhas escaleiras “as máis monumentais da Cultura Castrexa”, en palabras de Calo Lourido (ver FICHA 24). Mostra 20 estruturas á vista, a inmensa maioría froito das escavacións de Luengo e Calo, aínda que, recentemente, a erosión provocada pola choiva fixo aflorar os restos doutra construción (ver FICHA 51).

Atopámonos aquí diante dun rexistro de alta densidade construída que se atopa nun estado de conservación irregular e onde, polas súas características, concorren e agudízanse os impactos negativos que actúan sobre o xacemento. O soporte está moi influenciado pola erosión mariña, coa furna 2 plenamente activa (PLANO 3).

As construcións atópanse nun estado mediocre, aínda que veñen sufrindo bastante nos últimos tempos. En distintas campañas foron obxecto de consolidación un total de 17, tanto por Calo (estructuras 24, 26, 27, 28, 29, 32, 33, 34, 35, 36 e 38), como por Concheiro (estructuras 30, 39, 40, 41 e 42, íntegras, os anos 1994, 1995 e 1996; reparacións puntuais das estruturas 29, 32, 33, 34, 35 e 36 nas mesmas campañas). (PLANO 1). As estruturas mellor conservadas son as consolidadas nos anos 90, así como as números 32, 43 e 44, consolidadas por Calo e moi estables, pero cunha gran cantidade de morteiro de cemento gris á vista, sobre todo por riba da fiada superior de seguridade. Outras estruturas, como o conxunto formado polas 34, 35 e 36, emprazadas nunha das zonas de todo o xacemento máis expostas ás inclemencias meteorolóxicas, amosan grandes tramos das fiadas de seguridade desmontadas, como efecto da falla de mantemento.

Ademais da actividade (lenta pero segura) da furna 2, o recinto amosa problemas coa erosión provocada polas torrenteiras e a libre circulación da auga da choiva. Esta escorrentía lava

constantemente os alicerces das estruturas 27, 32, 33 e 43, aínda que, a este nivel, as construcións parecen estabilizadas.

Xunto coa erosión e a perda de soporte edáfico, o gran problema deste recinto son o tránsito e a circulación incontrolada de visitantes, que teñen unha incidencia moi negativa sobre as construcións de muros máis baixos (39, 40, 41 e 42) que a xente remonta camiñando sobre eles sen dificultade.

A zona máis delicada é o sector formado polas estruturas 44, 45 e 46, onde se xuntan os efectos da erosión mariña (furna), das chuvias (torrenteiras) e do movemento de persoas. A situación é crítica, sobre todo, no caso da estrutura 45, pendurada sobre o cantil da furna 3 e escavada no seu día polo Sr. Luengo e actualmente practicamente desaparecida (ver FICHA 45). Noutra orde de cousas, así como ocorre noutros sectores por mor da aceleración dos procesos erosivos, aquí tamén afloran os restos de estruturas soterradas (ver FICHA 46).

- **Cuarto recinto**

O recinto máis alto só foi sondado por Calo Lourido nas últimas campañas, polo que permanece en mellores condicións de conservación, mantendo a topografía orixinal da península. Xa que logo, os factores de impacto negativo que rexen no xacemento aquí teñen menos importancia, agás, lóxicamente, na sondaxe arqueolóxica.

Nesta área de escavación localizáronse dous muros de traxectoria curva (ver FICHAS 49 e 50), agora en estado crítico, o mesmo que a sondaxe, parcialmente atuada e cos perfiles derrubados. O aspecto é tan penoso que os visitantes non a perciben como área arqueolóxica e circulan libremente por ela.

Este recinto tamén está moi afectado pola erosión, moi aguda na sondaxe e nas sendas de acceso, onde afloran estruturas arquitectónicas que semellan muros de contención (ver FICHA 51).

6.2.2. Valoración

Como se deduce do descrito anteriormente, o estado de conservación do xacemento arqueolóxico do Castro de Baroña é irregular, tal e como corresponde a un depósito escavado en extensión e que non recibe traballos de mantemento e conservación dende fai 14 anos.

Os axentes de impacto máis importantes documentados ao longo deste traballo son:

- **Axentes naturais**

- Erosión mariña provocada polo avance das furnas 1 e 2, sobre todo esta última. Aínda que non é un proceso nin rápido nin inmediato, a longo prazo ameaza as estruturas occidentais do terceiro recinto (39, 38 e 37).

- **Axentes naturais provocados pola actividade antrópica**

- Erosión terrestre provocada pola acción dos axentes atmosféricos (chuvia e forte vento). Incide directamente e de xeito moi grave sobre as zonas escavadas, que perderon o soporte edáfico por efecto dos traballos arqueolóxicos, aparecendo hoxe con grandes superficies descarnadas. Como consecuencia da circulación libre das augas pluviais, a erosión provoca torrenteiras de evacuación. No segundo recinto son especialmente graves no contorno das estruturas 9, 11 e 15, actuando a porta monumental como desaugue natural. No terceiro recinto a evacuación de pluviais

prodúcese cara ás furnas 3 e, sobre todo, 4. Neste lugar o impacto da erosión e crítico, xa que a escorrentía afecta directamente aos alicerces de varias construcións (27, 28, 30, 32, 43)

- Actividade arqueolóxica. Existen áreas que denominamos de “escavación aberta”. Son aquelas nas que se fixo escavación, pero sen unha posterior campaña de conservación, incluíndo consolidación de estruturas, niveis e perfíles. Correspóndense coas áreas escavadas por Calo Lourido na súa última etapa, nos segundo e terceiro recinto (PLANO 2). Como consecuencia, os planos de escavación (cuadrículas e testemuñas) e as estruturas e niveis exhumados degradáronse ata un nivel moi alto.
- A inexistencia dun mantemento periódico das estruturas consolidadas, como precisan todos os restos arqueolóxicos expostos ao aire libre, supón un grave contratempo para un xacemento destas características, cunhas condicións ambientais moi esixentes e alta presenza de visitantes. O resultado é doado de comprender: perda frecuente de pedras da fiada de seguridade e, nalgún caso, derrube parcial dos paramentos reconstruídos (PLANO 3).
- Visitas masivas incontroladas. O acceso ao xacemento é libre e gratuíto, como é natural, pero as condicións nas que se realiza a visita non son as mellores. Baroña soporta unha presión masiva de turistas e curiosos, a cotío formando grandes grupos. O público, que xeralmente acude ao xacemento sen ningún tipo de información, tanto sobre o que vai a ver, como sobre o seu comportamento ante os restos e o itinerario da visita, móvese con dificultade polo recinto, moitas veces sen percibir a existencia de estruturas, polo que é normal que pisen e remonten muros en precario estado de conservación.

Durante a execución do proxecto levamos a cabo un estudo dos itinerarios que, de xeito espontáneo, desenvolve o público que accede ao castro, acompañado de enquisas aos visitantes nos que se preguntaba sobre o grado de satisfacción da visita, o nivel de coñecemento adquirido e os puntos fortes e débiles do lugar. Esta iniciativa, que, curiosamente, é a primeira vez que se fai nun xacemento que pode gabarse de estar entre os máis visitados de Galicia, parécenos fundamental á hora de planear futuras actuacións de posta en valor e deseño de itinerarios. En xeral, a visita ao castro, aínda que espontánea, segue un patrón moi claro, xa que está guiada pola presenza das portas, os corredores entre casas e, cómo non, a presenza de puntos ou pequenas eminencias topográficas que actúan como “fitos” aos que o público acude, ben para recrearse nunha panorámica do lugar, ben para agruparse e descansar.

No PLANO 4, presentamos un cartografado do *plan de visita tipo*, que normalmente é o que realizan os grupos, acompañado doutras “sendas” secundarias, tamén documentadas, e que acostuman a realizar individuos, parellas ou grupos pequenos que planean demorarse máis. Nestes itinerarios atópanse os puntos de descanso ou “miradoiros” espontáneos, onde o/s visitante/s acostuman a demorarse contemplando o xacemento e mesmo a paisaxe: 1: afloramentos rochosos que coroan o segundo recinto; 2: “praciña” terceiro recinto; 3: afloramentos rochosos e cantil que dominan o cuarto recinto.

- Actitudes agresivas e vandalismo. Ningún xacemento está a salvo do comportamento irresponsable e vandálico. No castro de Baroña houbo historicamente moitas agresións, entre as que atopamos, incluso, a práctica do *moto-cross*. Arestora, a falla de mantemento, de vixilancia e de actividade arqueolóxica conlevan actitudes pouco

respectuosas: vertido e acumulación de lixo (plásticos, botella e latas, residuos orgánicos, ...), defecacións e pequenos *graffitis*.

Estes factores de impacto interactúan sobre o xacemento creando varias **zonas de impacto crítico**, que son as máis sensibles e con maior grado de alteración na actualidade (PLANO 3):

- **Área de impacto crítico 1:** sector sur do sistema defensivo do primeiro recinto. Zona de forte impacto antrópico (circulación de visitantes). Progresiva aceleración da disgregación da cabeza dos muros e erosión na escarpa e contraescarpa do foxo.
- **Área de impacto crítico 2:** sector central do sistema defensivo do primeiro recinto. Zona de forte impacto antrópico (circulación de visitantes que remontan a estrutura). Progresiva disgregación das fiadas de seguridade dos muros e aceleración da sedimentación natural, formación espontánea dunha pequena duna e cubrición da estrutura.
- **Área de impacto crítico 3:** zona anexa á porta escavada por F. Calo. Presencia de restos do plano de escavación, incluíndo perfíles e testemuñas desmoronadas, construcións sen tratamento de conservación e pésimo estado e niveles arqueolóxicos á vista. Sector de forte presión antrópica (fluxo constante de visitas) e erosión activa.
- **Área de impacto crítico 4:** sector situado no terceiro recinto, situado á esquerda da porta con machóns. Mala conservación das estruturas arquitectónicas (agravada por un deficiente sistema de consolidación), exposición de niveles arqueolóxicos á intemperie (área de combustión da estrutura 28), tránsito de visitantes e erosión acentuada, con presenza de torrentes e descarnado do sedimento.

- **Área de impacto crítico 5:** zona historicamente moi maltratada. A súa situación coincide co acceso ao cuarto recinto, polo que soporta un tráfico masivo de persoas. Gravísima erosión, perda de terreo por derrubes á furna 3 e construcións practicamente desaparecidas (estructura 45). Ademais, a circulación, pola proximidade da senda ao cantil, é perigosa.
- **Área de impacto crítico 6:** área escavada no cuarto recinto que, orixinalmente, foi unha sondaxe en forma de gabia, aberta por Calo na súa última etapa (c. 1985). Pésimo estado de conservación: perfíles e testemuñas derrubados, exposición á intemperie de restos de estruturas arqueolóxicas (números 49 e 50), en estado de avanzada degradación. Presión antrópica fortísima (paso constante de visitantes pola área) e comportamento moi agresivo, incluíndo remocións de terras. Procesos erosivos agudos, con perda de soporte edáfico, descarnado do sedimento e formación de pequenos torrentes.

6.3. Usos actuais inadecuados

Nos últimos tempos, polo menos dende o verán do ano 2009, vimos asistindo a un fenómeno, ou a un conxunto de fenómenos, que teñen que ver coa utilización do xacemento para usos alleos aos valores patrimoniais e históricos do Castro de Baroña. Sen que directamente supoñan unha agresión directa (aínda que isto é discutible), son prácticas que comprometen o funcionamento do xacemento como recurso arqueolóxico, minusvaloran o valor descomunal do rexistro arqueolóxico e, a medio prazo, poden chegar a ter un impacto moi negativo na conservación dos vestixios. En todo caso, algunhas son actitudes que medraron á beira da tradicional consideración do castro e a súa contorna como un lugar dotado dunha mística especial. A causa desta proliferación débese buscar na falta de actividade arqueolóxica e no abandono do xacemento como recurso cultural e turístico.

6.3.1. Esculturas efémeras

É un dos sucesos máis destacados dos últimos tempos que se concentra nos meses de verán. Consiste na erección, anónima e posiblemente non espontánea, de centos de pequenas formas ou “esculturas” resultantes de amorear cantos rodados e pedras de cachotería procedentes dos coídos das praias e dos derrubes do xacemento. Trátase dunha manifestación próxima aos presupostos da *arte povera* e do *land art*, que busca para a súa plasmación física un lugar de especial beleza e contidos supostamente “espirituais”.

Os impactos negativos desta manifestación, por outra banda non carente de interese, proveñen da utilización de pedras procedentes dos derrubes, do levantamento de moitas formas dentro das estruturas, sobre os muros e nos recintos, e na acumulación de coios no istmo, que agora aparece cuberto de cantos rodados.

6.3.2. Vodas castrexas, rituais esotéricos e outras actividades

A perda dos valores arqueolóxicos do castro, o máis senlleiro exemplo de poboado castrexo costeiro, corre parella á desaparición dos seus significados educativos, culturais e científicos. Lonxe de figurar como unha páxina básica para ilustrar unha das páxinas transcendentais da Historia de Galicia, o castro de Baroña é hoxe o inaudito escenario de acontecementos e festas totalmente afastados dos valores, contidos e historia do propio xacemento, entre os que podemos anotar ata unha “voda celta”. Nesa mesma liña, tamén temos documentado nos afloramentos que coroan o segundo recinto estraños acubillos con depósitos de materiais que só podemos relacionar coa esfera do esotérico.

6.3.3. Acampada libre

Este é un fenómeno que, aparentemente, non incide de xeito directo sobre a conservación do xacemento. Nembargantes, se temos en conta que a Punta do Castro, onde se empraza o asentamento prehistórico, non se pode explicar sen a contorna privilexiada na que se insire, a aglomeración de campistas libres nos meses estivais supón unha presión engadida para o sitio histórico.



Milladoiros inzados no xacemento (foto tomada no primeiro recinto) e acampada libre na contorna

7. Conclusións

A teor do que levamos exposto con anterioridade podemos sintetizar o proxecto nas seguintes conclusións:


1º- Por primeira vez dispónse dunha masa documental que permite recoñecer a morfoloxía real do xacemento arqueolóxico e planear de xeito rigoroso futuras actuacións. A nova documentación inclúe un levantamento topográfico dos recintos, xeorreferenciado e con curvas de nivel cada 20 cm., así como fotografías aéreas a media e baixa altura. Estas fotografías aéreas aportan visións espectaculares e novas do castro e a súa contorna.

2º- A situación do Castro logo de máis de catorce anos sen ter sido obxecto de traballos de conservación é irregular. Pode dicirse que as consolidacións que sufriu, moi contundentes, son as culpables de que aínda se manteña en pé. Pero eses catorce anos sen actividade, incluso de simple mantemento, son demasiados, incluso para un xacemento como este.

3º- Practicamente todas as construcións restauradas ou consolidadas teñen deterioros, aínda que maiormente só afectan ás fiadas superiores de seguridade.

4º- Dentro dese panorama de relativa estabilidade, **documentáronse seis zonas en estado crítico**. As dúas áreas en peor situación coinciden coas zonas onde se desenvolveron as últimas campañas de escavación a mediados da década dos 80 do pasado século: no sector do segundo recinto situada entre a porta e o paramento interior da muralla, e a sondaxe aberta no cuarto recinto. Nelas actúan simultaneamente os axentes de impacto máis importantes do xacemento: erosión, circulación masiva e incontrolada de visitantes e abandono de toda actividade arqueolóxica. Actualmente, a situación das estruturas e niveis arqueolóxicos presentes nestas áreas é crítica, polo que unha intervención arqueolóxica nas mesmas, limitada á súa definición e protección, parécenos indispensable e urgente.

Estructuras e tratamentos de conservación



5º- Tan importante como o estado de conservación é a situación de abandono no que se atopa un xacemento arqueolóxico de valor descomunal. A falta de actividade arqueolóxica e de iniciativas serias de difusión e posta en valor limitan a proxección do castro e diminúen substancialmente as súas posibilidades como recurso educativo, cultural e turístico.

6º- Como resultado estamos asistindo á perda dos valores arqueolóxicos do xacemento da Idade de Ferro e ao xurdimento de novos usos do senso máis diverso, totalmente opostos aos criterios que deben rexer na valorización e conservación dos restos exhibidos ao ar libre na Punta do Castro.

A Coruña, 2 de outubro de 2010

Ángel Concheiro Coello

Marcial Rodríguez Rodríguez

Bibliografía citada no documento

CALO LOURIDO, F. e SOEIRO, T. (1986): *Castro de Baroña. Campañas 1980/1984*. Arqueoloxía/Memorias, 6. Xunta de Galicia

CALO LOURIDO, F. (1999): *Castro de Baroña*. Concello de Porto do Son

CONCHEIRO COELLO, A. (1995): *Informe preliminar do proxecto de consolidación, limpeza e acondicionamento do Castro de Baroña (Porto do Son)*. Documento depositado na Consellería de Cultura e Turismo

CONCHEIRO COELLO, A (2009): *Castro de Baroña (Porto do Son, A Coruña)*. Memoria das actuacións 1994-1996. Documento depositado na Consellería de Cultura e Turismo

EIROA, J.J. (1988): "La cultura castreña del Noroeste de la Península Ibérica 15 años después", *Anales de Prehistoria y Arqueología*, 4

LUENGO MARTÍNEZ, J.M (1999): *Excavaciones en el castro de Baroña*. Edición facsimilar. Deputación da Coruña.